

NORMAS  
CURSO 2023/24





## Horario

No comedor do CPI O Cruce hai 3 turnos co seguinte horario.

<b>1º TURNO</b>	<b>12:50 - 13:30</b>	<b>4º/6º Infantil</b>	<b>1º/2º/3º primaria</b>
<b>2º TURNO</b>	<b>13:35 - 14:20</b>	<b>5º Infantil</b>	<b>4º/5º/6º primaria</b>
<b>3º TURNO</b>	<b>15:10-16:00</b>	<b>ESO</b>	



## Tasas

O precio de menú está estipulado pola normativa, e é de

0
1
2,5
4,5

## Modo de pago

O pagamento da carta de pago recibida do centro educativo, deberá ser aboada ata o día 20 do mes no que reciben a dita carta de pago, prazo establecido na normativa reguladora dos comedores escolares. Este pago, é requisito para continuar empregando o servizo de comedor escolar no vindeiro mes.

No seguinte enlace podedes ver os procedementos de pago



O **menú de cada mes** estará disponible na páxina **web** do CPI, servirá tamén para que poidan programar a cea de sus hijos/as sen repetir alimentos e así equilibrar mellor a dieta.

Por tratarse dun servizo educativo máis que ofrece o centro, trataremos no posible, que os nenos/as proben todos los alimentos (legumes, peixes, froitas, etc.).

Rogamos ás nais e pais que calquera dúbida relacionada co funcionamento , o fagan a través de Secretaría e se, dado o caso, é necesario, coa Dirección del Centro.

O alumnado con alerxia/intolerancia a alimentos ou que padezcan cualquiera enfermidade ou trastorno somático (trastornos metabólicos), que precise dunha alimentación específica deberán acreditarlo en Secretaría mediante **certificado médico** no que se especifique claramente o tipo de problema e os alimentos que non se poden consumir. O colexio adaptará os menús a cada un deles.

Os alumnos/as que, de **forma esporádica**, precisen “**dieta blanda**” deberán avisar antes **das 10 da mañá na Seretaría** ou por mail.

### **Baixas ou non uso do comedor**

Segundo a normativa da Consellería de Educación, as baixas esporádicas ao comedor serán descontadas se se comunican **antes das 9:30 da mañá**. As baixas **definitivas** de este Servicio comunicadas en Secretaría con **3 días de antelación**.


## FUNCIÓN DO PERSOAL COIDADOR



O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Cumplir coa labor de coidado e atención educativa e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual de comedor
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
- Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo e ao encargado de comedor, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria

## NORMAS DO COMEDOR



Unha vez dentro do comedor cada alumno/a dirixirase á súa mesa. Despois de comer ningún neno/a se levantará ata que as coidadoras así o autoricen.

Polo carácter educativo do servizo, os alumnos comerán de todos os alimentos que se sirvan cada día nas cantidades adecuadas á súa idade e ás súas necesidades.

- Respetar a os coidadores/as e persoal de cociña e cumprir as súas instrucións.
- Estar ben sentado e mantense no seu sitio sentados e sen xogar coa comida.
- Non tirar nin xogar cos alimentos
- Lavarse as mans antes de entrar a comer.
- Falar en ton axeitado (non se pode berrar nin falar entre mesas).
- Mantense no seu sitio.
- Masticar coa boca pechada e despacio.
- Utilizar axeitadamente os útiles correspondentes e o .
- Tomar a cantidade de comida axeitada ás súas necesidades, evitando deixala ou desperdiciarlal, así como comer en exceso.
- Probar, a lo menos, todos os alimentos que ofrece o menú escolar.
- Non infrinxir calquer outra norma de conducta contraria ao desenvolvemento dun clima axeitado de convivencia.

O servizo do comedor como calquera outra actividade que se desenvolve no Centro, réxese polas normas de organización e funcionamento do centro

Serán motivo de baixa temporal no Servizo de Comedor determinadas condutas contrarias ás normas recollidas nas NOF

O persoal encargado do comedor levará un rexistro de incidencias que trasladará semanalmente á Dirección do Centro.

Cando exista calquera problema ou consulta relevante, un membro do Equipo Directivo poñerase en contacto telefónico coas nais e/ou pais